


O TRASNO





Aquí de novo

¡OLA!

AMIG@S, moitos días pasaron desde que vos deixei, pero velaquí estou de novo con todos vós, disposto a facervos compañía. Unha vez máis, acudo presto á cita que teño e á que espero non faltar por moito tempo. Este ano a viaxe foi máis doada porque a axuda foi moita.

Si, fomos máis que suficientes e espero/esperamos que noutras ocasións futuras que precise a vosa colaboración, atendades o meu/noso chamamento e, cos vosos traballos, fagades posible que poidamos vernos de novo.

Gracias a todos os que fixeron posible este Trasnó.

Eu | Nós, O Trasnó


Este Trasnó Fixémolo

Alumna Anónima 1 (2º BACH)
 Alumna Anónima 2 (2º BACH)
 Mauro Ares (COU)
 Lucía Barbosa (1º ESO A)
 María Barreiro (2º ESO C)
 Alba Castillo (3º ESO C)
 Iria Costas (1º BACH A)
 María I. Darriba (2º BACH A)
 Iolanda de la Iglesia (4º ESO A)
 Jaime Estévez (Profesor)
 Nerea Fernández (1º ESO A)
 Antía Folgar (1º ESO A)
 Irene Gradín (3º ESO C)
 Xabier Gigirei (2º ESO C)
 David Hernández (2º ESO C)
 Alexandra López (4º ESO A)
 Yessica Martínez (1º ESO A)
 Luís Martínez (Profesor)
 Luís Meijide (2º BACH A)
 Sara Montemuíño (1º BACH A)
 Azahara Montenegro (2º BACH)
 Yago Montenegro (2º BACH A)
 Yessica Morgade (2º ESO A)
 Paula Palomanes (3º ESO C)
 Paula Pereira (1º ESO A)
 Diego Pérez (1º ESO B)
 Carmen Pérez Lacaba (2º ESO C)
 Alejandra Pérez (4º ESO A)
 Javier Pérez Alves (2º BACH A)
 María Priegue (1º BACH A)
 Ana Rodríguez (4º ESO A)
 Dolores Sobreira (4º ESO B)
 Laura Torrado (2º BACH B)
 Carlos Ucha (Director)
 Isabel Valcárcel (1º BACH A)
 Enrique Valcárcel (1º ESO A)
 ENL
 Seminario de Galego

Día das Letras Galegas

Frei Martín Sarmiento

Pedro José García Balboa, coñecido como frei Martín Sarmiento, foi o prototipo do saber enciclopédico do Século da Ilustración.



Sarmiento mantivo nos seus escritos unha constante preocupación pola lingua galega, foi un apaixonado defensor do noso idioma e propugnou o seu uso no ensino.

Sarmiento (Villafranca do Bierzo, 1695-Madrid, 1772), pioneiro nos estudos filolóxicos da lingua galega, será o protagonista do Día das Letras Galegas deste ano.

*Pedro José García Balboa, coñecido como **frei Martín Sarmiento**, foi o prototipo do saber enciclopédico do Século da Ilustración e o pioneiro nos estudos filolóxicos da lingua galega*

Aínda que nace no Bierzo (León) en 1695, pasa a súa infancia en Pontevedra, lugar ao que seu pai se trasladara a traballar. Entra na orde beneditina e cursa Artes no mosteiro de Lérez. Aos quince anos marcha para Madrid a vestir o hábito beneditino. Estudiará Filosofía e Teoloxía. Empeña viaxe por terras de Asturias e Galicia, anotando coidadosamente os seus percorridos que serán fonte de noticias, curiosidades e futuras iniciativas. No ano 1726 traballa afanosamente nos códices do arquivo da Catedral de Toledo, achegándose de preto ao estudio da poesía medieval. Volta a Galicia en 1754 e prolonga entón a súa estada.

Sarmiento foi un autor verdadeiramente prolífico, que a penas publicou en vida, permanecendo boa parte da súa obra inédita. Os máis de setenta traballos da súa bibliografía impresa —unha mínima parte dos manuscritos— son pois póstumos. Abarcou case todos os campos do saber: Xeografía, Historia, Arte, Filoloxía, Literatura, Ciencias Naturais, Matemáticas, Medicina, etc. A súa figura supuxo a apertura dun novo camiño para o estudio e o ensino, sendo considerado un dos grandes no campo da didáctica.

Respecto á súa relación con Galicia, sempre sentiu un enorme amor pola súa terra e a súa lingua. Sen embargo deixou moi poucos textos escritos en galego: unha conversa versificada (as *Coplas de Perucho e Maruxa*) e anacos soltos en tratados e cartas. Este extenso poema galego de 1200 coplas, que deixou manuscrito, non ten, como confirman as propias declaracións do autor, pretensións literarias, pois é unha colección de voces e frases galegas, de interese puramente lingüístico, que reproduce a fala popular da península do Morrazo. Ademais destas coplas, teñen extraordinaria importancia os seus traballos sobre a orixe do galego.

Como gran defensor do idioma galego propuxo a edición de textos e a creación de cátedras para a súa ensinanza. Martín Sarmiento **foi o primeiro en interesarse polo idioma e dignifícalo, non só como lingua de estudio, senón tamén de uso coloquial**. Tamén botou unha ollada libre de prexuízos sobre a realidade lingüística de Galicia e fai unha serie de reflexións sobre a lingua galega que teñen un gran carácter progresista e que aínda hoxe poderían estar viventes. Así, quíxase de que a maioría dos mestres en Galicia sexan foráneos e non saiban o galego, proponendo unha **solución radical: ensino do galego e en galego**. Tamén se queixa da marxinación do galego na igrexa e na administración e propón a obrigatoriedade do seu coñecemento por parte dos funcionarios destacados en Galicia.

Sarmiento mantivo nos seus escritos **unha constante preocupación pola lingua galega, foi un apaixonado defensor do noso idioma e propugnou o seu uso no ensino.**

"Falo, si, dos que han de tratar de instruír e dirixir os fieis na relixión católica e dos que han de administrar xustiza civil, axeitándose uns e outros aos inviolables e loables costumes do país, pois un costume establecido e inmemorial, e que non é malo, ten tanta forza como unha lei, e todos os que non saben nin a lingua nin os costumes do país son ineptos para os devanditos empregos"



HÁBITOS MUSICAIS NO ALUMNADO DO ÁLVARO CUNQUEIRO

A música é sen dúbida unha parte importante do quefacer dos estudantes de ensino secundario, un elemento máis que contribúe a conformar os sinais de identidade do seu grupo, a liberar tensións familiares ou escolares, integrada na súa vida cotiá nestas idades. A cultura musical que herdán os nosos alumnos tamén determina en gran modo as súas afeccións neste aspecto e dende o punto de vista académico as súas aptitudes e actitudes cara ás clases de música. No mes de decembro o Seminario de Música elaborou unha enquisa de hábitos musicais que foi realizada polos alumnos e alumnas de 2º, 3º e 4º da ESO e 1º de bacharelato (máis de 300 alumnos) con música como materia. Os resultados son, dende logo, interesantes e ás veces esclarecedores de determinadas situacións en canto á actividade musical se refire.

¿QUEN CANTA NO MEU FOGAR?

En principio as unidades familiares máis comúns son as de catro membros (60%), cinco (25%), tres (10%) e outras en menor medida como as de seis membros (5%), estamos nun ambiente semiurbano xa que no 60% dos casos viven en pisos e nun 40% dos casos en vivendas unifamiliares, o que non é desprezable cara á actividade musical.

A actividade da canción pode considerarse como un “ambientador” sonoro de calquera fogar, a súa existencia ou non aporta considerables datos indirectos que podemos intuír. É significativo que aproximadamente en 3 de cada dez fogares ninguén teña ese hábito – imaxinemos un fogar onde ninguén nunca cante e imaxinemos un neno ou nena medrando nese ambiente de “silencio”...-.

Todos teñen este hábito nun 25% dos fogares e o máis normal parece ser que algúns -pero non todos- teñan esta actividade como normal nun 45% dos casos.

OS FAMILIARES E A MÚSICA

Na metade dos casos, os alumnos non teñen referencia ningunha dun familiar que toque, inda que sexa por afección primaria,

algún instrumento, polo que a actividade musical ten que resultarles cando menos distante, estraña ou rara. Por outra banda e na mesma proporción están os fogares onde non hai ningún instrumento musical distinto á fruta escolar.

REPRODUCTORES DE SON


Outro dato é o de constatar que o vinilo cada vez é máis historia xa que no 60% dos fogares non hai reprodutor para eles. Só nun 5% dos casos afirman dispoñer de todos os aparatos reprodutores de son incluído DVD e CD ROM, afirmando nun 60% dos casos non ter PC nin polo tanto a reprodución sonora asociada a estes equipos informáticos, ademais nun 20% dos fogares tampouco dispoñen de reprodutor de Vídeo.

ASISTIR A UN CONCERTO DE MÚSICA SINFÓNICA OU CLÁSICA

Neste apartado sobran as palabras. Só 6 alumnos nunha clase de 30 declaran ter asistido nalgunha ocasión a este tipo de eventos. Mal poden opinar sobre o que descoñecen, e neste punto os prexuízos negativos son a tónica dominante.

INSTRUMENTOS PREFERIDOS

Claramente hai tres instrumentos preferidos, en principio, para aprender e son, por orde, guitarra, piano e batería; en menor medida outros varios, sendo significativo que un de cada dez alumnos declare non ter interese en aprender ningún dos posibles.



ENTOACIÓN E PRÁCTICA INSTRUMENTAL

En canto ás “aptitudes” que se aprecian nos alumnos é destacable que máis da metade do alumnado teña un nivel bo ou moi bo para cantar; como contrapartida, non menos de tres ou catro de cada dez teñen dificultades considerables neste aspecto. Hai que subliñar que unha actividade como o canto colectivo dificilmente se pode levar adiante se as dificultades superan o que poderíamos chamar excepcións. Deste xeito e segundo estes datos (reais e comprobados xa), nun grupo de 30 alumnos temos uns vinte cos que se pode traballar a gusto, pero dez precisan un tratamento paralelo co que o traballo en grupo nesta actividade non é doado polo de agora. Tamén no que podemos chamar “práctica instrumental” e no caso da frauta de bico temos un 30 % de alumnos cun manexo deste instrumento máis que aceptable, pero en parecida proporción temos alumnos que chegan sen coñecer case nada ou nada. Seguramente este dato ten moito que ver co traballo feito en primaria polos alumnos nos respectivos centros de orixe.

PREFERENCIAS MUSICAIS

Os datos aportados polos alumnos lévannos a pensar que os seus gustos están mediatizados polos medios de comunicación e pola moda. Hai un rosario de grupos e discos que os alumnos declaran ter comprado ou escoitado ou ben como as súas cancións de referencia: La Oreja de Van Gogh, Chayanne, Estopa, Eminem, Los Caños, Malú, Rosana ... e un longuísimos etcétera variopinto pero sempre música comprable, é dicir, suxeita ás leis da

oferta e demanda, o marketing e coñecidas sempre polos medios de comunicación. É sintomático que ninguén, e repito, ninguén de máis de 300 alumnos cita na súa preferencia música distinta á comercial. A música clásica, estilos afíns como o Jazz, a música Folk ou tradicional é descoñecida, ignorada ou simplemente non se ten en conta á hora de falar dos seus gustos musicais que, por outra banda, inda están por definir na meirande parte dos casos. Penso que isto último pode ser motivo dunha ampla e preocupante reflexión de gran calado sociocultural.



EN SÍNTESE

Os datos aportados polos alumnos, fanos aos profesores de música elementos imprescindibles no proceso educativo dado que o medio sociocultural no que se desenvolven os alumnos non propicia experiencias que equilibren esta situación. Debemos provocar concertos ou audicións de músicas distintas ás comerciais, dar a información musical necesaria para que poidan degustar a música no amplo sentido e non no restrictivo que supón a moda ou o que nos mandan os medios de comunicación en cada momento, contribuír a que os alumnos con dificultades na actividade musical poidan acadar unha base mínima que evite que a súa “incompetencia” poida percibirse como unha tara cultural no futuro e aproveitar a importancia que eles mesmos lle dan á música como elemento positivo cara á materia e a súa motivación.


Xaime Estévez (Profesor de Música)

Colaboración: **Luís Martínez (profesor)**

PORCENTAXE DE ALUMNOS QUE ASISTIRON A UN CONCERTO DE MÚSICA CLÁSICA




Redaccións premiadas no concurso Máximo Gorki



**CONCURSO DE
REDACCIÓN E DEBUXO**

a prol da Solidariedade e a Igualdade
de Dereitos, e contra o Racismo e a
Xenofobia

Para escolares de de Primaria e
de Ensino Secundario.



**centro cultural
caixanova**

A U D T O R O

Xoán e a Emigración

Xoán era un mozo moi pobre, que o que máis quería era deixar o seu país para buscar unha vida mellor e poder ter unha familia.

Naqueles tempos tan difíciles de 1937, en plena guerra, moita xente emigróu á Arxentina.

Xoán traballaba moito para poder saír deste país.

Cando chegou á casa despois dun duro día de traballo, dixo:

-¡Papá, mamá, xa teño os cartos para irme!

-¡Ben! ¿Mercaches a pasaxe?

-Si, mañá mesmo saio.

Á mañá seguinte ergueuse cedo para prepararse, e, tras despedirse dos seus pais, colleu o barco para a Arxentina.

Despois duns días de nerviosismo, chegou a Porto Desexado, onde montou unha zapatería e formou unha familia.

Anos despois, rematada a guerra, comezou a darse conta de que botaba de menos Galicia e quixo volver, pero decatouse da cantidade de galegos que había na Arxentina, e pensou que era como estar en Galicia.

(Accésit no concurso) Diego Pérez, 1º ESO B

A INMIGRACIÓN

Hoxe tiven un pesadelo, soñei que era unha inmigrante. Sentía moito frío, a roupa que vestía estaba húmida. Os meus gretados beizos malamente se podían

mover a causa da horrible sede. Era unha noite moi escura cun estrelado ceo. En calquera outro momento encantariame observar aquel maravilloso firmamento. O vento sopraba moi forte, as ondas eran devastadoras. Naqueles momentos sentía fame, frío, sede..., pero inda así o meu corazón rebordaba de esperanza. O que vin ao meu redor encolleume o corazón. Ao meu carón estaba sentada unha moza cun bebé nos seus brazos. O cativo non cesaba de chorar. Envolto nunha vella manta, chea de remendos e empapada, a súa nai, con roupas gastadas e remendadas.

De súpeto sentín un brusco movemento. ¡Encalláramos!. Mandáronnos saltar e, obedientes, fixémoslo. Os meus descalzos pés íanse cortando e machucando a causa das afiadas rochas.

Soou un timbre, por sorte para min era o espertador, pero para outras persoas isto que acabo de narrar é a vida real á que deben enfrontarse.

(3º premio no concurso de Redacción) Paula Pereira, 1º ESO A

O Trasnó tamén quere felicitar ao alumno de 3º de ESO C Breogán Gómez Pérez, que foi o gañador do 1º premio de novela no concurso literario "Sárdoma 2000".

1º premio no concurso de Redacción **Máximo Gorki**

¡OLA, MUNDO CRUEL!

Vivo nunha tribo india gobernada pola facenda que nos desposuíu das nosas pertenzas (terras, dereitos, liberdade...) Fannos traballar de sol a sol aos nenos e aos adultos. Non podes levantar a vista do que estás a facer, porque te castigan dunha forma brutal e violenta.

Miña irmá Tareixa non nos acompaña, queda na casa, na súa cama, durmindo, porque está moi maliña, non se pode mover. Din que está moi enferma.

Despois de vir do campo vou a xunto dela para ver como está. Penso que un día destes irei e non a verei deitada. Asustárame por detrás, xogaremos os dous, ledos e cun sorriso de orella a orella. Pero vou perdendo a esperanza segundo pasan os días porque se pon peor.

Hoxe levei un gran desgusto. Cheguei á súa cama e Tareixa non estaba. Agora esperaba que me asustara e botáramos a correr. Alguén me asustou, pero non era nin a voz nin a man de Tareixa, era a miña nai. Pregunteille onde estaba e levoume á parte de atrás da cabana. Tareixa estaba alí. Tamén estaba o meu pai e outros sete señores da tribo. Miña nai, en voz baixiña, díxome: “esta noite ímonos da tribo, levaremos a Tareixa ao pobo veciño, no que, segundo Xulián -o home máis listo da tribo-, hai médicos que lle poden salvar a vida”.

Tras días avanzando baixo as follas do campo de millo, escoitouse un terrible queixume da miña nai. Tareixa decidira marchar ao ceo. Despois de que Xulián nos convencera e axudara a seguir adiante, collín unha folla da vara máis próxima onde estaba soterrado o corpo da miña irmá, e ateino no pulso sen que me fixera dano, e seguín a pensar que Tareixa aínda seguía entre nós.

Chegamos a un tramo en que os seis señores e Xulián marcharon por un camiño e nós quedámonos a descansar. Pola mañá o espírito da miña nai estaba lonxe. Tiñamos que seguir. Deixamos o campo de millo, despois de enterrar a miña nai, e infiltrámonos entre as árbores do río.

Chegamos a un pequeno porto de canoas, collemos unha e colocamos as demais de forma que non se notase o oco que deixaba a que faltaba.

Baixamos o río na canoa. Tras varios días de navegación, paramos a descansar preto dun pobo, onde oímos un rumor de que sete señores morreran queimados pola facenda ao escaparse da tribo.

Choramos toda a noite. Perderamos moita xente querida. Lembramos as palabras de Xulián para erguernos o ánimo. Repuxemos forzas e puidemos seguir adiante. Fomos ata unha estrada onde un camión nos levou unha boa camiñada que acababa nunha caseta. Ofrecémoslle todo o que tiñamos, pero non quixo nada.

Chegamos á caseta onde había outras persoas. No fondo desta había unha greta profunda. Empecei a pensar en Tareixa e en miña nai ollando para a folla de millo.

Escoitouse un disparo. Saltei a greta, pero antes chamei por meu pai que insistiu en que entrara. A greta era escura, estreita e rochosa, chea de pequenos pinchos que punzaban a roupa. Decidinme a saír cando oín un pequeno ruído dun coche. Cando cheguei á superficie da caseta vin a todos moribundos. Meu pai xemía. Chamábame. “Acissey, dixo, toma este papel e busca a cidade aí indicada, colle estas dúas moedas e empeza a túa viaxe”.

Eu asentín. Tras un profundo suspiro foise reunir co resto da familia. Pecheille os ollos e empecei a chorar sobre o seu corpo inerte. Mentres choraba, dicíalle o moito que o quería esperando que volvera en si.

Soterreino debaixo dunha grande árbore e os demais detrás da caseta. Co que o meu pai me dera, empecei a camiñar ata cidade indicada, sen angustias e coa esperanza dunha vida mellor.

Cando comezaba a coñecer mellor a miña familia e cando máis unida me atopaba a ela, perdina.

Yessica Martínez Cerqueira, 1º ESO A

*Felicítamos tamén a Laura Priegue, alumna de 1º ESO B, premiada no concurso de Debuxo **Máximo Gorki***

A emigración

Esta é a historia dun galego que vivía coa súa familia nun pobo da provincia de Pontevedra. Un día vese obrigado a emigrar, porque a agricultura, que era o seu único medio de vida, xa non era productiva. Manuel, que así era como se chamaba este home, meteuse nun barco e marchou cara ás Américas.

Cando chegou a México, todo era novo e descoñecido para el, só tiña a vantaxe de saber español, anque a lingua que falaba era o galego.

Os seus comezos foron difíciles. Empezou coa venda ambulante de diversos produtos. Co tempo foi aforrando diñeiro e puido ter o seu propio negocio.

Todo lle ía moi ben ata que un día a mala sorte azoutou a súa vida. A situación económica do país era cada vez peor e o negocio empezou a decaer. Entón a situación fíxose insostible e perdeuno todo.

Co pouco diñeiro que tiña volveu á súa terra. Todos os veciños estaban ledos coa súa volta e axudáronlle a saír adiante.

Esta historia de Manuel móstranos que a vida dos emigrantes é moi sacrificada, aínda que algúns logren triunfar.

(Accésit no concurso de Redacción) Jessica Morgade Durán, 2º ESO A

Páxina informativa para tod@e vós

-Sabías que na **Casa da Xuventude** (tel. 986294806) poderás atopar:

- **Servicio de Información ao Estudiante** (becas, ocio...)
- **Orientación para o Emprego**
- Servicio de **Biblioteca** e Documentación.
- **Sala de Exposicións** (lugar ao servicio de todos vós, previa solicitude da mesma).
- Tamén podedes facer o **Carné Xove** que che dará dereito a descontos en moitos sitios (tendas, cines, etc.)
- Podedes pedir **subvencións para colectivos xuvenís** do concello de Vigo.
- **Local de ensaio de música** (se tes un grupo, nós poñemos o local + información + contactos para tocar + rincón de anuncios)
- **Ludoteca**

www.xuventudevigo.org

"SÚBETE AO CASTRO"

Combinado multiocio

Para consumir só ou en compañía

Ciber + castroconcertos + graffiti + skate + castrocinema + obradoiros + cursos de informática + deseño webs + xogos + cursiños + percusión + tai-chi + ideas (información, na Casa da Xuventude)

TELÉFONOS DE INTERESE:

Caso de terdes algunha consulta que facer sobre :

Anorexia e Bulimia: 986436541 (Concellería de Xuventude)

Malos tratos: 9862939638 (Consellería de Familia)

CONCELLO DE VIGO

Axudas Municipais Escolares
(para libros, comedor, etc) Tel. 986298118



FESTAS no INSTITUTO



No noso instituto, como en moitos centros educativos de Galicia, celebramos o **MAGOSTO** unha vez máis. Ademais de comer castañas e bocadillos de chourizo, organizáronse partidos de fútbol nos que algúns "intrépidos" profesores tomaron parte deixando mostra da súa "valía futbolística". ¡Perder, perderían, pero...!.

Tampouco nos esquecemos doutra das nosas grandes, o **ENTROIDO**. Esta festa, aberta á imaxinación, permíttunos ver polo instituto caras coñecidas como as de **Bin Laden** ou **Aznar**, co seu exército, que non facía máis que meternos en barullos porque estaba a perseguir a dúas mafiosas que non paraban de facer negocios cos de Unión Fenosa. A verdade é que ese día houbo unha "fauna" rara polo instituto. Os profesores tamén se apuntaron non querendo ser menos que os seus alumnos e tamén se disfrazaron (de Euro, de Bolsa de lixo, de Música... Moi orixinais..., algúns). Para rematar a festa houbo un desfile de máscaras.

Esto último foi o mellor de todo o conto. Apuntouse moita xente, aínda que á hora de saír a bailar ao escenario, seguramente por vergoña, algúns foron algo preguiceiros. Pero, para compensar, os que se atreveron a desfilar fixérono bastante ben. Houbo premios para os disfraces máis orixinais e divertidos, segundo o criterio dos xuíces.

(Iria Costas González, 1º BACH A; Sara Montemuíño Muniz, 1º BACH A.)

E tamén tivemos unha **FESTA DE NADAL**. Xusto antes das vacacións, os alumnos de ESO, dirixidos polos profesores de música, fixemos uso da nosa "capacidade musical" interpretando cancións e panxeliñas. Aínda que todas estiveron bastante ben, a interpretación que máis me gustou foi a dos alumnos de 4º de ESO, que fixeron unha "Poliritmia prosódica de nadal", unha combinación orixinal de palmas e voces. Outra actuación que destacamos foi a de Antón Palacios, que, acompañado de guitarra, cantou "Como decirte". Moi boa voz... E, por suposto, tamén temos que mencionar a demostración de piano do Sr. Director, o dúo de gaitas galegas dos profesores Paco Rodríguez e Xaime Estévez e, como non, o remate da festa a cargo do profesor "Carlos Gardel", vestido de gala, con "O día que ti me queiras".

En resumo, unha moi boa idea, que supoño repetiremos. De verdade, gustounos moito.

Neste acto fíxose entrega dos premios do concurso de portadas para esta revista. Ver foto.

(Paula Palomanes, 3º ESO C)






2º premio
no
concurso
de
Portadas
para
este
número
da
Revista
O Trasnó

*Dolores
Sobreira
Pereira
4º ESO B*

3º pre-
mio no
concur-
so de
Portadas
para este
número
da Re-
vista
*O
Trasnó*

*Luis
Manuel
Meijide
Feljoo
2º A
BACH*



UNHA VIAXE AO PASADO: VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O día seis de marzo, os alumnos de 1º de ESO visitamos o Museo de Pontevedra. Para moitos era a primeira vez que visitaban un museo. Nada máis entrar, o primeiro que vimos foron antigos cepos ou áncoras romanas achadas na Ría de Pontevedra e empregadas para inmobilizar as grandes embarcacións, logo distintos petroglifos e o famoso Tesouro de Caldas de Reis. Unha das coleccións que máis chamou a nosa atención sería a de "Fernández de la Mora". A súa familia deixoulla ao Museo. Son cento cincuenta pezas de prata procedentes de diferentes países. Outra das coleccións, que seguramente identifica este Museo, é a de acibeche. O acibeche é un material fósil de cor negra moi brillante. Estes obxectos, a maioría de carácter relixioso, poderían datarse no século XVIII.

A máis dun, voolle a súa imaxinación na "sala naval". Nela había maquetas de barcos antigos. En moitos deses barcos poderían viaxar viquingos dedicados ao saqueo. Tamén tivemos a oportunidade de contemplar unha reprodución da famosa Santa María de Colón. A continuación observamos unha singular colección de madeiras que semellaban ser libros, unha colección de cuncas, minerais... Despois, seguindo un corredor, atopamos unha gran maqueta dun barco chamado Numancia, fundido por mor dunha tormenta. Despois de pasarmos pola sala do Marqués de Sargadelos, visitamos a colección de Castelao.



Lucía Barbosa, Nerea Fernández, Antía Folgar, 1º ESO

Visita ao Castro de Santa Tegra

¡Ola compañeiros castrexos!

Estamos no Castro de Santa Tegra, a día 22 de marzo no século do que din de antes de Cristo. Primeiro...¿quen será Cristo? Como nesta era antes de Cristo tampouco o saben, deixamos o tema e quedarnos co saúdo.

Compañeiros, comunicovos que neste mesmo día, no ano 2002 despois de Cristo, un grupo de alumnos do primeiro ciclo do que nesa época se chamara ESO do Instituto Álvaro Cunqueiro do noso pobo veciño "Vicus", virán aquí, a Baiona e a Valença do Miño a visitamos. O seu Director, Carlos Ucha, diralles, de Baiona, que o pazo era do Conde de Gondomar. Farán un percorrido arredor do mesmo, convertido agora en parador. Fronte a este Pazo explicaranlles as correntes mariñas e por que esta vila sexa Real. Despois, virán ao noso castro, e de novo, o director explicaranlles as nosas vivendas e os petroglifos que se atopan á beira do recinto amurallado. Subirán a contemplar o esteiro do Miño e as fermosas vistas das montañas que nun futuro pertencerán a un país chamado Portugal. Como xa era a hora de xantar, despediranse dos castrexos, baxarán á praia de Camposancos para darlle pracer aos sentidos con saborosos bocatas e "chucherías". Por último, irán a Valença do Miño, e alí falaranlles do porque do recinto amurallado e dos canóns empregados para defendérense. Logo, deixaránlles un tempo para que percorran as tendas que hai dentro da muralla. Algúns mercarán, outros xa o fixeran e agora non terían con que.



Como noticia e como reporteiro, non teño máis nada que contarvos, o voso presentador radiofónico Xosé Gonsales, da Radio Nacional Galega, advirtevos de estar previdos e de que nas vosas casas non deixe ninguén o móbil esquecido."

Carmen Pérez Lacaba, 2º ESO C

Homenaxe ao Profesor BALTASAR IGLESIAS MAREQUE

Non hai moito reuniámonos en torno á memoria do profesor Baltasar Iglesias Mareque. As razóns eran o afecto e a vontade de manter o seu recordo entre nós pondo o seu nome á Biblioteca do Centro.

Pídenme os redactores da Revista do Instituto que escriba unhas palabras sobre a pequena homenaxe que lle fixemos a Baltasar e sobre o profesor e amigo benquerido. Non é doado, porque un non quixera repetir tópicos, aínda que nada hai máis natural que falar dos tópicos, dos lugares comúns que nos fan comúns a todos.

Debía falar do amigo que nos deixou cando todos contabamos con el, da dor dos seus e tamén da nosa, do baleiro que sentimos, do recordo inesquecible.

Nese universal común, tantas veces repetido e tantas veces certo, sen embargo Baltasar ten un lugar especial. E por iso quixemos roubarllo ao tempo e mantelo entre nós. Dedicámoslle po iso a Biblioteca do Centro, a cova da sabedoría dos libros, o cerne, corazón do Instituto.

¿Quen mellor que aquel rapazote de aldea, amante das letras, que aquel estudante e bibliotecario, que o catedrático primeiro da súa promoción, que o profesor broucado sobre os espíritos dos libros e dos alumnos para ese labor?

Mais sendo esta razón abonda, non é a razón da nosa homenaxe. Gravamos o seu nome, fixémoslo colocar nesa parede, acompañámolo coas palabras doutro rapazote campesiño, Miguel Hernández, para que a súa presenza nos axude a sentir. Ese é o motivo interesado.

Recordamos así, sentimos que tiña razón, que temos razón. É unha razón irrelevante para moitos, mesmo para os que enchen a boca coas palabras rotundas da “Educación”, pero é unha razón que nós sabemos .

Que somos posuidores temporais, de prestado, do cerne de cousas esenciais para todos: da beleza dos mundos das palabras, do poder da razón sempre descubridora e crítica, da paixón por coñecer, da capacidade e posibilidade de cambiar,

transformar e transformarse, de ir máis alá, máis alá, de sermos plenamente humanos.

Ese día, á tardiña, estábamos todos alí, no recuncho dos corredores, coma nunha encrucillada, diante da biblioteca. A súa muller, Cristina, os seus fillos, a súa familia de sangue, a súa familia extensa de amigos, compañeiros, as palabras dorida de todos e moi especialmente dos seus alumnos devolvéndolle os poemas que el lles aprendera.

Baltasar seguirá reuníndonos arredor dos libros e a palabra. **(Carlos Ucha, Director)**

En representación do claustro, tomou a palabra o profesor **Emilio Bonome** que pronunciou, entre outras, as seguintes palabras:

"Cóubome a honra de representar á comunidade educativa neste acto, tan sinxelo mais tan cargado de sentimentos que acaban asolagados baixo moi vivas emocións. Hai unha mestura desbocada de recordos, de vivencias moi presentes, de pegadas activadas a cotío, mergullados na evocación dun home querido, enzoufados na argamasa da educación, rodeados de literatura, de poesía, entre Minerva creadora e Agramante belicoso. Á fin e ao cabo, "educar non é dar carreira para vivir senón temperar a alma para as dificultades da vida", segundo afirma Pitágoras. A non ser que queiramos probar coa ignorancia, non queda outro camiño que o da "carestía" do esforzo educativo"

"Egrexio Baltasar, desde esta pequena Alexandria, soamente queremos murmurar que aínda debemos moitos galos a Esculapio, que aínda queda moita auga que beber no Ameles".

"Baltasar sobranceiro, gracias por cruzarte nas nosas vidas, enchéndoas de sensibilidade. Aquí che queda unha imprecisa e humilde mostra do noso sentido recoñecemento. O Instituto Álvaro Cunqueiro honra así a túa memoria co cordial desexo de contribuír a convertermos nun novo xardín de Acádemos, nunha nova Academia, iluminada sempre polo facho do teu singular exemplo".

Estes..... vanse

Adeus á primeira promoción de 2º de BACHARELATO.

*Como é costume nos últimos anos,
aquí tedes as vosas fotos de grupo.*



2º
BACH
A



2º
BACH
B

Tamén estes se van

Adeus á primeira promoción de 2º de BACHARELATO.
*O trasno querevos desexar o mellor para o moito que vós queda.
Ata sempre.*



2º
BACH
C



2º
BACH
D

O MÓBIL

O seu uso modifica comportamentos sociais. Diversos estudos mostran que cada vez somos máis dependentes do teléfono móbil, sobre todo a xente nova.

Dende xa hai algún tempo chámanos a atención como os teléfonos móbiles se veñen introducindo na nosa vida. Non hai moito o máis parecido a un teléfono móbil eran os chamados "walkie-talkie" utilizados por gardas forestais, policíaas ou xente que adoitaba exercer un labor de protección; o resto da xente utilizaba o teléfono fixo que, pouco a pouco, coa aparición e evolución dos móbiles, perdería o protagonismo que tivera despois de que o estadounidense, de orixe escocés, Grahain Bell construíra o primeiro teléfono capaz de transmitir con toda calidade e timbre a voz humana.

Ao redor dos anos 70 apareceron os primeiros teléfonos móbiles que eran utilizados por altos executivos que tiñan negocios por todo o mundo (converténdose practicamente nun símbolo de distinción, e así a persoa que tiña un móbil era unha persoa importante e distinguida). Mais ¿quen é o que agora non ten un teléfono móbil? Ou ¿quen non coñece os termos: mans libres, carcasa, tecnoloxía wap... ?

Sexa cal sexa a nosa idade ou dedicación, é rara a persoa que non posúa un. E cada vez son máis minúsculos e teñen máis prestacións. Hai pouco a marca Samsung presentou ó mercado un móbil pequeno, lixeiro, sofisticado, pensado para seducir as mulleres incorporando un "calendario rosa" no que a propietaria pode realizar un seguimento dos seus ciclos reproductivos, permite calcular o peso ideal e axuda a controlar as calorías ingeridas, ademais dunha rosa tatuada na súa carcasa. E eu penso que no seu homólogo para o sexo masculino non debería faltar unha axenda con ampla capacidade para anotar os teléfonos das conquistas así como un minimanual para utilizar os electrodomésticos, que lles crean moitos conflitos, como por exemplo explicando a diferenza entre roupa branca ou de color cando se lles ocorra metela na lavadora.

A nosa xuventude xa é denominada a "xeración do polgar" pola súa destreza á hora de utilizar este dedo para manexar estes terminais. A xente nova adquiriu costumes sorprendentes, como a de utilizar o polgar para pulsar os timbres das portas, en lugar de utilizar o índice como sería normal.



Estas disque foron as súas primeiras palabras

NAS NOSAS VIDAS

Tamén é curioso ver como sendo un medio de comunicación altera a nosa linguaxe e as nosas comunicacións. Cos sms (short message standar = mensaxes de texto curtos), moi utilizados polos adolescentes gracias ao seu menor custo en comparación coas chamadas, utilizamos abreviaturas co fin de dicir o máximo posible (por exemplo: por = "x", para = "xa", tampouco = "tp"). ¿Podemos dicir que estamos ante o nacemento dunha nova xerxa xuvenil relacionada coa xeneralización do móbil? A verdade é que está aí e parece que á xente nova lles concede maior "liberdade" ao ser unha linguaxe difícil de entender para os adultos e que tamén lles permite aforrar diñeiro. Pero o preocupante é que que moitos rapaces e rapazas cando escriben sobre un papel fan as mesmas abreviaturas, incorrectas na lingua escrita, e esquecendo todo tipo de regras ortográficas.

E quen non viu interrompida unha conversa con outras persoas por unha musiquiña "autodeseñada" que sae do pantalón, bolso, mochila, camisa... dun deles, que ten que atender a chamada, e despois cando volve, tan tranquilo, só dirá: ¿onde quedaremos? Cantas veces alguén sacou o móbil do seu peto e se puxo a xogar con el ou admiralo sen ter en conta os demais, ou canto tempo dedicamos a falar do último modelo que comprou fulaniño, quen o ten máis pequeno ou a quen lle funciona mellor; volvéndonos monotemáticos falando do que ten ou non ten o noso "pequerrechiño", quero dicir o noso móbil.

Ultimamente tamén se esta a investigar sobre un posible efecto daniño das microondas que producen os móbiles sobre os seus usuarios. As novas leis de tráfico prohiben o seu uso durante a conducción porque reduce a concentración do conductor e aumenta o risco de accidente...

Pero a verdade é que a moitos lles falta algo se os separan do seu teléfono móbil ou senten un baleiro se o esquecen na casa, ou séntense diferentes por non ter un, pero a realidade é que o móbil nos mantén comunicados pero tamén nos resta liberdade.

María Priegue, 1º BACH A



Segundo un informe de Motorola, os homes teñen unha maior tendencia a mostrar o seu móbil para "fardar". Á hora de ligar, son moitos os homes que utilizan o celular como un instrumento de virilidade, e presumen de novos modelos ante as súas vítimas. As mulleres, en cambio, son máis propensas a utilizalos para espantar ao xénero masculino cando non queren ser amoladas.



!PERIGO, ÉXTASE!

Éxtase, ¿que é o éxtase? O éxtase é unha droga sintética que se está poñendo de moda duns anos para atrás. Esta droga consómese nas discotecas e sobre todo nos "after-hours", que abren ás tantas da mañá e onde o ambiente non é moi recomendable. Desgraciadamente están saíndo á luz as graves consecuencias do éxtase; na "macrofesta" que houbo en Málaga de música techno-house, morreron 2 rapaces e houbo 20 intoxicacións.


A xente toma éxtase porque lle produce un "subidón" moi grande, facilítalles a relación cos demais e permítelles estar bailando durante máis horas ao ritmo da música bacallaeira ou techno-house. Visto así parece moi bo pero a verdade é que os está comendo por dentro porque ten consecuencias moi graves: insuficiencias respiratorias, aumento da temperatura ata 42º graos centígrados, pulsacións que poden chegar ata as 200 por minuto, insuficiencia renal, hemorragias cerebrais, etc.

Estas drogas sintéticas están no seu auxe debido ao baixo prezo (entre 6 e 12 euros unha pastilla) comparado coa coca (1 gramo, 60 euros). En Galicia, a policía comisaba no ano sobre 160 "pirulas" (así é como se coñecen as pastillas de éxtase entre os pastilleiros) e o ano pasado foron 12.800.

Nos xornais podemos ler: "A policía, os mozos e os traficantes coinciden en que é fácil conseguir pastillas por un prezo que oscila entre os seis e os doce euros"; " Menores de 16 anos consomen en Vigo ata 7 tipos de drogas sintéticas (Smile, Labios Azuis, Coroas, Diamantes, Bolboretas, "Pollas" Voadoras e Buda)"; "9.000 xoves galegos compaxinan a discoteca coas drogas sintéticas". (A Voz de Galicia do 6 de marzo de 2002).

Vemos, pois, que o éxtase se está convertendo nunha trampa mortal para os xoves de hoxe en día, que terán que convencerse de que non é necesario para divertirse bailando nas discotecas.

Xabier Gigirei Vázquez, 2º ESO C



A PROTESTA DA NICOTINA

¡Ola! Chámome "Non", e vouvos presentar as miñas amigas. Esta tan grande é Fumes e esta, tan miudiña a pobre, é "Máis". Todas somos granciños de nicotina, atopámonos dentro dun cigariño, deses tan malos que quere toda a xente, comprimidos polos outros granciños de nicotina que pasan de todo. Cheiramos fatal, temos unha pinta horrible e a xente veña a consumirnos.


Non sei que lles pode gustar dos cigarros. ¿O seu papeliño branco? ¿Ou o seu algodón recuberto por papel amarelo? Pois non creo que iso lles guste. Se realmente queren consumirnos que nos consuman co papel queimado ou alcatrán, xa que o único que fai é esnaquizar os pulmóns da xente que o consome.

A nosa vida é terrible e aburrida, sempre comprimidas sen nos movermos dentro dunha caixiña, de Chesterfield ou do que sexa. Case prefiro que nos queimen a isto. ¿Verdade amigas?

O noso slogan é, como os nosos nomes indican, "Non Fumes Máis".

Xa temos cinco anos e por fin sinto a calor do acendedor preto de min. En fin, déixovos que me van consumir. Lembrede o slogan.

David Hernández Blanco, 2º ESO C



A NOVA LEI ANTI-BOTELLÓN

As primeiras propostas sobre a nova lei relativa ao consumo e venda de licores provocaron o rexeitamento máis enérxico de mozos (consumidores habituais), licoreiros, bares de copas e grupos da oposición, que cualifican as medidas de "represivas". A favor das novas normativas están as asociacións de veciños, que, cada fin de semana, soportan os ruídos derivados dos botellóns ata altas horas da madrugada, e a sucidade e os estragos do día seguinte.

A futura lei, que se presentará no mes de agosto, contempla a prohibición do consumo de alcohol nas rúas, basicamente o botellón (consumo masivo de alcohol en lugares públicos, habitualmente polas noites), ampliar aos 18 anos o consumo e compra de bebidas alcohólicas e limpar a publicidade do alcohol.

Paralelamente, aumentarán as multas aos establecementos que vendan licores a menores de 18 anos, e os menores que o consuman deberán purgar a súa "falta" con traballos sociais (visitar a


tetrapléxicos afectados polo alcohol, vendo os traballos de rehabilitación en alcohólicos que realizan as ONG's, reparando os danos causados na vía pública por outros consumidores).

O proxecto de lei propón tamén anular a venda de bebidas alcohólicas en áreas de servizo e gasoleneiras, en administracións públicas e centros sanitarios ou sociosanitarios, mentres que nos centros de traballo, de ensino superior e universidades, e en instalacións deportivas, só se poderá vender viño e cervexa. Non obstante, segundo o ministro do Interior, Mariano Rajoy, a nova lei non afectará ás terrazas, a quen beba unha cervexa pola rúa nin o consumo nas populares verbenas.

Segundo Rajoy, a proposta é necesaria porque o 76% dos xoves consome alcohol e o 15% faino a diario.

Para a oposición, as normativas prohibicionistas non solucionarán o problema, que require dunha maior educación para o consumo responsable.

Mauro Ares Rodal (COU)



PUBLICIDADE e SEXISMO

Un recente estudio da CECU denunciou a imaxe que se presenta da muller en moitos anuncios, e non hai máis que acender a televisión para decatarse de que a muller se presenta como **ama de casa dependente do home, obxecto sexual ou só preocupada pola beleza.**

En case todos os anuncios de produtos de limpeza para o fogar é a muller a que aparece encargada desta tarefa, é a muller ama de casa, obsesionada pola limpeza, tanto que nalgún anuncio mesmo esperta asombrada "do limpas que quedaron as sabas"; noutros casos as imaxes publicitarias preséntannos unha muller de éxito profesional pero que tamén se encarga de que todo no seu fogar poida pasar "a proba do algodón".

Cando o home asume este rol, entón a perfección trócase torpeza. Non é quen de pulsar un botón para pór en funcionamento a lavadora, pero iso si, sabe arranxala. A mesma lectura podemos facela na publicidade de alimentos, sempre aparece a imaxe feminina, agás cando se trata dunha autoridade na materia. Neste caso aparece o home.

A publicidade referida á muller como obxecto sexual é abundantísima, e tamén a máis denunciada. Parece imprescindible unha muller guapa, lixeira de roupa, para publicitar colonias masculinas, coches, etc. As mulleres aparecen acompañando o que se que-re vender como un obxecto máis, como nun anuncio dun coche no que unha famosa modelo se vai espindo ata chegar ao coche xa completamente núa. Isto non ocorre só na publicidade, tamén nalgúns concursos de televisión aparece un home presentándoos e unha muller, de floreiro, ao lado dos premios.

O proceso do feminismo é un proceso de conciencia

Ademais, en moitos anuncios, a muller aparece moi preocupada pola súa aparencia persoal, pero non para gustarse a si mesma, senón como se a beleza fose unha condición necesaria para triunfar, e por iso na maioría dos anuncios sobre modas aparecen tamén mulleres. Así, observamos que nas revistas dirixidas a mulleres abundan anuncios sobre moda e produtos de beleza mentres que os relacionados coa cultura, a economía, etc. teñen unha presenza testemuñal.

A pesar de todo isto tamén é certo que se produciron certos avances debido á incorporación da muller ao mundo laboral, independizándose do home e converténdose en consumidora. Os maiores avances atópanse na Internet porque a muller usuaria de internet é distinta, aínda que se seguen atopando exemplos nos que a muller aparece afastada dos postos de poder e relacionada con produtos de beleza.

Somos conscientes de que a situación da muller mellorou e do grao de independencia alcanzado por esta, que en moitos casos non ten nada que ver co que presentan nestes anuncios, pero tamén é certo que en moitos fogares é a muller a que despois de ir traballar ten que dedicarse aos labores do fogar porque se segue a pensar que isto é cousa das mulleres. Para evitarmos esta discriminación, debemos seguir loitando e chegar a unha ver-

dadeira igualdade cos homes, pero para conseguilo non se pode seguir potenciando dende a publicidade esta imaxe dunha muller dependente do home, que segue a asociarse á cultura e ao poder mentres que a muller se relaciona coa beleza e a seducción.

María Isaura Darriba 2º BACH A
Azahara Montenegro 2º BACH A



A ESO do Álvaro Cunqueiro contra a LOU



actos estaba á nosa disposición. Ás catro o día volveu a recuperar a súa normalidade e volvemos ás clases. Esperemos que isto servise de algo.

Irene Gradín, 3º ESO C

Faro de Vigo

"As protestas dos universitarios contan co apoio dos estudantes de ensino medio. Onte ao mediodía, alumnos do instituto Álvaro Cunqueiro realizaron unha comida no centro como apoio ás mobilizacións anti-LOU".

SOPA DE LBROS

ANAYA

CGA
COMERCIAL GRUPO ANALLA

DEBATES DOUTROS / COUSAS NOSAS

¿Máquinas de preservativos nos centros de Secundaria?


Que falar de métodos anticonceptivos segue poñendo colorado a máis dun confírmao o rebumbio que se armou aló polo mes de xaneiro deste ano, cando se suscitou un debate nos medios de comunicación (polo menos nalgúns, claro) sobre o feito de se se debían pór ou non "máquinas de preservativos" nos centros de Secundaria, cousa, por outra parte, xa de práctica habitual noutros países do noso entorno, onde xa teñen chegado máis lonxe. Pensemos, por exemplo, en Francia. O desencadeante foi que en Cataluña, a Generalitat anunciou que abriría un debate sobre se os Institutos deben de dispoñer de máquinas expendedoras de preservativos. Moitas asociacións de pais, de alumnos e sindicatos docentes cren oportuno a presenza destas máquinas. Ao outro extremo tamén hai xente que pensa que estas máquinas só servirían para fomentar a "promiscuidade".

Puidemos ler nos xornais pros e contras sobre o asunto. Así nun galego aparecía (e cito textualmente): " *A Xunta garda silencio no tema dos preservativos nos Centros de Secundaria*". En Cataluña as autoridades anuncian un debate, aquí (silencio).

Pero, e nós que pensamos. Que nós saibamos ninguén nos preguntou. Pois ben, aí vai a nosa opinión por se a quixesen ter en conta chegado o momento. ¡Ah! Deixamos fóra do asunto aos do 1º ciclo da ESO. Non vai ser que.....

Pregunta formulada:

¿Estarías de acordo con que se instalasen no noso Centro máquinas expendedoras de preservativos?



Razóns máis alegadas:

Para o si:

- Axudaría a evitar enfermidades e embarazos que che estragarían a vida.
- A xente tería menos vergoña que a compralos na farmacia.
- Estamos nun centro educativo e isto forma parte da nosa educación.
- Faise propaganda do seu uso e logo non se fai nada para poñelos cerca nosa.
- Se os hai en todas partes, ¿por que no instituto non?
- Non molestan a ninguén e poden ser útiles.
- Xa somos maiores e hai xente que ten relacións.
- É moi importante que os métodos anticonceptivos estean ao alcance de todos (É bo que nos dean facilidades con esas cousas).
- Si, aínda que no segundo e terceiro piso porque no primeiro hai pequenos.

Para o non:

- Hai nenos pequenos.
- Aquí vense a estudar, e para iso están as farmacias.
- Pódense comprar fóra porque hai sitios suficientes.
- Aquí non fan falta (aquí vense ao que se vén).
- Non se collerían por vergoña.
- Incitarían aos rapaces a "facelo" (aumentarían o índice de relacións sexuais).
- Os pais dos nenos pequenos poderían protestar e crear unha polémica moi grande.

A FAVOR

"A instalación de máquinas expendedoras de preservativos nos institutos suscita polémica. ¿Debemos facilitar o acceso aos preservativos? Se queremos diminuír o número de adolescentes que quedan embarazadas por non tomar as medidas necesarias, se queremos evitar que se estendan enfermidades como a SIDA, debemos informar sobre como evitar o contaxio e poñer os medios necesarios para conseguilo. Aínda que algunhas persoas pensen que é a única maneira de evitalo non podemos pensar que a xuventude de hoxe non ten relacións. Outros pensan ao mellor que o instituto non é o lugar máis axeitado para instalar estas máquinas. Pero é no instituto onde pasamos a maior parte do tempo; ademais, ao conseguir os preservativos no centro non pasan a vergoña que sofren moitos xa que resulta algo incómodo ir compralos a unha farmacia ou outro comercio se es un/unha adolescente porque pensan que te miran de maneira diferente e que comentan cousas sobre ti...

O que non comprendo é a actitude dalgunhs pais porque ¿a que pai ou nai non lle gustaría que os seus fillos estivesen protexidos? ¿Non é preferible que teñan preservativos a que a filla quede embarazada?".

Unha alumna de 2º de Bacharelato


EN CONTRA

"Dende o meu punto de vista, penso que a idea de pór máquinas expendedoras de preservativos nos institutos, é unha boa forma de que teñan presente o uso de preservativo para evitar situacións nada agradables á nosa idade, como pode ser o embarazo ou o contaxio de determinadas enfermidades; pero, en realidade, non creo que teñamos tanta urxencia do seu uso como para mercalos no instituto. Hoxe en día véndense en calquera esquina e se somos o suficientemente maduros temos opción de mercalos nuha farmacia onde obteremos a debida información.

Por outra parte, penso que non é demasiado adecuado que rapaces de 1º e 2º da ESO se encontren a diario con estas máquinas. Aquí acoden a aprender educación e unha formación para o seu futuro.

A única solución sería poñerlos nos cuartos de baño dos alumnos de bacharelato, pero aínda así sigo encontrando argumentos que non chegan a convencerme totalmente da colocación destas máquinas".

Unha alumna de 2º de Bacharelato



DANOS COLATERAIS



Mentres vemos as imaxes dos bombardeos a Afganistán escoitamos que o periodista fala dos danos colaterais; é curioso, cando escoitei isto por primeira vez, pensei que se refería aos danos pola destrución dun aeroporto ou doutros medios de transporte, pero non, referíase ás decenas de persoas que están morrendo debido á represalia de EE UU polos atentados do 11 de setembro, aínda que seguramente moitos nin sequera saben por que os bombardean. Eu non podo esquecer as imaxes dos avións contra as Torres Xemelgas, e coma min seguro que moita outra xente, é porque nos medios de comunicación non paran de recordárnolo como se todos os mortos do atentado servisen para xustificar os mortos de Afganistán, onde xa había antes miles de

persoas que morrían de fame, pero ninguén o sabía.

Agora EE UU érguese como o defensor das liberdades mundiais, só hai que ver o nome da operación “Liberdade duradeira”, pero parecen esquecer que eles puxeron aos talibáns no poder cando lles conviña; agora defenden os dereitos das mulleres en Afganistán como se antes dos atentados non existira esta situación; agora a causa da represalia americana, agudizáronse as tensións en Paquistán entre musulmáns e a minoría cristiá. O peor de todo isto é que en Europa permanecemos impasibles ou peor aínda danlle un apoio absoluto sen preguntar aos cidadáns que pensan desta guerra na que fronte á preparación militar dos americanos están persoas que só teñen unha arma: a súa fe, e isto é moi perigoso xa que non lles vai importar morrer por ela.

María I. Darriba (2º Bach.)

CANTIGA DE AMIGO

Vaiamos á guerra, vaiamos buscar
o noso Bin Laden que escondido está
¿onde estará o meu amigo ?

Vaiamos á guerra, vaiamos procurar
o noso Bin Laden que agachado está
¿onde estará o meu amigo ?

O noso Bin Laden que escondido está
se o atopa Bush morto estará
¿onde estará o meu amigo ?

O noso Bin Laden que agachado está
se o atopa Bush vida non terá
¿onde estará o meu amigo ?

**(Alejandra Pérez ,
Ana Rodríguez ,
Iolanda de la Iglesia ,
Alejandra López (4º ESO C)**




O GALEGO N@ REDE

Dende a súa creación Internet foi escollida como medio de comunicación para a libre expresión de minorías e grandes asociacións. O englobamento da Internet contribuíu a que todas as culturas teñan a súa representación aquí. É o espello da sociedade.

Respecto á economía, a Internet que xurdira como nova economía nos últimos anos arruinou empresas que esperaban unha rápida adaptación da sociedade ás novas tecnoloxías. Pero a economía da Internet sostense pola publicidade, e é esta a que contribúe ao grande espallamento da Internet por pequenas páxinas persoais ou grandes portais.

Respecto a Galicia, a Internet represéntase en forma nacionalista, xa que son estes os ideais que maiormente se viven na sociedade, coliderando co progresismo. Pero máis alá de grandes grupos políticos que deixan caer as súas redes na tea de araña, a Internet é da xuventude e desta sérvense moitas potencias para espallarse ou aproveitarse das tecnoloxías que desenvolve.



Usuarios de Internet no mundo. Ano 1999

Como observamos nesta gráfica, non son os usuarios galegos os donos da tea de araña. Galicia é das comunidades autónomas de España que menos usuarios ten na rede, os galegos non asumiron a entrada na súas vidas das novas tecnoloxías. Xa fora por unha mala política da xunta ou pola falta de medios na comunidade.

Comunidade autónoma	Ano 2000
Estremadura	5,6%
Galicia	6,3%
Castela-León	6,3%
Castela-A Mancha	6,7%
Andalucía	7,6%
Cantabria	7,7%
Asturias	7,7%
Murcia	8,1%
Canarias	8,4%
Navarra	9,4%
C. Valenciana	10,0%
País Vasco	10,9%
Baleares	11,1%
Aragón	11,8%
Madrid	12,1%
A Rioxa	15,6%

Porcentaxe de penetración da Internet no Estado, por comunidades autónomas.

Para introducir os xoves galegos na Internet xorde a **Ciberlingua**, que é un proxecto de normalización lingüística dirixido á mocidade que vai usar como instrumento as ferramentas informáticas existentes en galego.

Búscase a extensión do uso do galego no eido da informática, nomeadamente na Internet dentro das comunidades educativas dos concellos.

O manexo das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) que impón a dinámica social, require unha "nova alfabetización". Unha porcentaxe significativa de nenos e xoves está accedendo a esa segunda alfabetización a través da educación informal. Xa que logo, o reto está tanto en evitar o desfase escola-sociedade coma en que o ensino público xogue un papel "equilibrador" para evitar a exclusión social e doutro tipo no acceso ás TIC.

A calidade do galego na Internet móstrase a través de rapaces de vinte anos que forman grupos que colaboran cunha grande contribución ao galego nas TIC, a maioría vota pola normalización

lingüística no duro labor da programación. Unha representación deles son:

Ataiga (<http://personal4.iddeo.es/ataiga.htm>): Traballan nun dicionario de 8000 palabras que traduca webs e textos.

O Trasno (<http://trasno.gpul.org>), que é a unión dos usuarios galegos de linux (sistema operativo equivalente a windows); estes adaptan linux cos seus usos ao galego.

E os rapaces de **Galego21.org** (<http://www.galego21.org/>), a plataforma polo galego na informática, que tenta sensibilizar a sociedade galega sobre a importancia das novas tecnoloxías e desenvolver ferramentas informáticas, aplicacións e contidos en galego. É de todas a mellor das páxinas galegas dedicadas á lingua tanto pola utilidade como pola ambición e a amplitude das súas actividades. Dentro de Galego21 hai varios proxectos diferenciados. O **Proxecto Xis** (<http://www.galego21.org/xis>) ten como obxectivo a tradución de programas informáticos ao galego, software de balde (*freeware*), de distribución libre de código ou incluso, de cando en vez, programas para probar (*shareware*). Atópanse navegadores, tradutores, correctores... O **Proxecto Rianxo** (<http://www.galego21.org/rianxo>) é un asistente de tradución galego-español-galego, que poderá ser utilizado de balde. O **Proxecto Rábade** é un curso de introducción á lingua galega na rede. O **Proxecto Tomiño** (<http://www.galego21.org/tominho>) pretende poñer a disposición dos usuarios de Internet textos na nosa lingua.

Buscadores galegos cos que navegar


Vieiros (<http://www.vieiros.com/>).

U-lo (<http://www.u-lo.com/>): O mellor portal galego axeitado para principiantes na Internet e para expertos.

Xanela.com (<http://www.xanela.com/>): Portal de Galicia e norte de Portugal.

Enxebre.com (<http://www.enxebre.com/>): Portal galego sobrio, que informa sobre páxinas persoais galegas.

Galicianet (<http://www.galicianet.com/>): O portal galego futurista e con máis futuro, pero con trazos hispanos e trazos galegos.



É máis que probable que despois desta intervención quedemos coa sensación de que estamos a anos luz dos países máis desenvolvidos da Unión Europea e de que, ao igual que "chegamos tarde" á revolución industrial, vai sucedernos outro tanto á hora de incorporarnos á chamada "sociedade da información". Efectivamente, non estamos á vangarda da Unión Europea e si a unha distancia considerable, pero non insalvable.

Como principal activo dispoñemos dunha infraestrutura de comunicacións que, coas eivas apuntadas, permite dar un importante salto cualitativo e uns grupos moi dinámicos e aos que lles debemos a meirande parte das iniciativas máis interesantes coas que contamos en Galicia a respecto da Rede.

Xa para rematar, quero chamar a vosa atención sobre outro aspecto que considero capital: **asociar a introducción da Rede ao uso do galego. Deste xeito, non só estaremos gañando novos ámbitos de uso para a lingua, senón que estaremos asociando lingua e utilidade, lingua e futuro, utilizando o prestixio social das novas tecnoloxías para prestixiar o noso idioma.**

(*Yago Montenegro Méndez, 2º BACH.*)



MANUEL RIVAS RECIBIU O PREMIO AMNISTÍA INTERNACIONAL POLA SÚA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS EN "O LAPIS DO CARPINTEIRO"

O autor do libro "O lapis do carpinteiro" Manuel Rivas foi galardoado por Amnistía Internacional pola súa defensa dos dereitos humanos xa que reflicte un período histórico importante para estes dereitos, e fai unha gran defensa deles. Esta obra galega foi traducida a dezaseis idiomas polo que é a obra máis internacional que posuímos.

O lapis do carpinteiro é unha historia de amor, melancolía e liberdade, en tempo da guerra e posguerra, que chega aos nosos días.

Un grande amor entre Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario e o médico republicano Daniel Da Barca, posuidor da beleza tísica e seguidor da teoría da realidade intelixente do doutor Novoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e gracia de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar.

O lapis do carpinteiro é o testemuño dunha traxedia curativa, unha metáfora de todas as guerras, unha loita contra o esquecemento que demostra o poder salvador do amor.

Esta excepcional novela ficará no lector gravada coma un engrama, coma o suco dunha cicatriz que rescata o mellor da nosa memoria.



O lapis do carpinteiro foi adaptada ao cine, no que se converteu na maior aposta da productora "Portozás Visión e Morena Films". Foi rodada na Coruña e tamén contén escenas de Pontevedra como son a praia de Cesantes e a illa de San Simón. O seu director Antón Reixa e o propio Manuel Rivas quixeron deixar constancia na película representando a dous presos durante o paseño na Torre de Hércules; como actores principais, a película conta con Tristán Ulloa

como Daniel Da Barca, Luís Tosar como Herbal e Elena Anaya interpretando a Marisa Mallo. A película sairá nos cines en breve: ¡Non a perdades!.

Manuel Rivas é licenciado en Ciencias da Información, xornalista, colaborador de El País, A Nosa Terra, Director da revista Luces de Galicia. Na actualidade reside na Costa da Morte. Entre as súas obras destacan *No mellor país do mundo* (1991), *Un millón de vacas* (1989) Premio da Crítica Española, 1990, *En salvaxe compañía* (1994) Premio da Crítica, *¿Que me queres amor?* (1995) Premio Torrente Ballester e Nacional de Narrativa (1996), *O lapis de carpinteiro* (1998).

A súa obra narrativa está traducida ó castelán, catalán, portugués, francés, italiano e alemán.



Yago Montenegro 2º Bach
Javier Pérez Alves 2º Bach

VéNDeSe (ARXENTINA)

Teño o cartel de derrubamento, o meu estado é lamentable, cando chove son coma unha peneira, os piares xa non aguantan o meu peso. En definitiva, o que vos quero dicir con isto é que me custa moito traballo manterme en pé. E... unha de dúas, ou os meus donos fan arranxarme (dos pés a cabeza) ou derrúbome.

Eu non fun sempre así, tiven unha época de esplendor cara aos anos 60, na que fun a sétima casa máis fermosa do meu barrio. Os meus donos tiñan moito diñeiro e preocupábanse por min, a miña despesa estaba sempre chea, e nunca faltaba de nada, xa que era todo o contrario: os alimentos da horta chegaban de sobra para os meus donos, os seus fillos e incluso para as familias das casas máis pobres do barrio.

Non sempre tiven estes mesmos donos, xa que por min pasaron moitas familias: militares, corruptos, negociantes e traficantes. A medida que ía cambiando de donos, íame poñendo peor por falta de mantemento, pero eu non fun a única que sufrín as consecuencias, tamén as notaron os meus fillos. En principio a estes non lles faltaba de nada, pero agora están con problemas económicos, educativos, sanitarios e pasan fame, debido a que os donos nos últimos anos só se preocuparon de si mesmos, e abandonaron todo.

Eu creo que a solución para arranxar isto sería que viñesen uns novos e mellores donos, que tiveran o apoio das casas ricas, e que o seu obxectivo fora arranxarme do chan ao tellado e que se sacrificasen polos seus fillos e creasen un bo ambiente familiar volvendo a ilusionalos, e ensinándolles a respectar todo o que os rodea, incluíndome a min.

María Barreiro Vila, 2º ESO C

Estimado Carlos:

Escribille esta primeira e derradeira carta. Eu a penas o coñecía ata que un sábado pola mañá escoitei falar da súa morte.

O profesor de galego falounos sobre a súa vida dedicada ó galego e a Galicia. Díxonos tamén que fora Presidente do Consello da Cultura Galega, Membro da Real Academia e que escribira numerosos libros en galego. Por isto a súa presenza seguirá "viva".

Un amigo que o coñeceu por motivos de traballo no Nadal pasado estaba moi apesado pola súa morte porque dixo que era moi amable, boa persoa e con quen se podía falar moi ben.

Vostede seguirá sempre entre nós porque a pegada que deixou na cultura galega permanecerá a través das súas obras.

Un cordial saúdo de Xabier, un alumno de ESO

En lembranza de Carlos Casares

O narrador ourensán Carlos Casares, un dos máis importantes que deu Galicia nos últimos tempos, faleceu o 9 de marzo, en Vigo, a causa dun infarto. Este home foi Presidente do Consello da Cultura Galega e Director da Editorial Galaxia.

Os seus amigos e coñecidos recórdano como un home xeneroso, amable, conciliador, excelente persoa e un home moi importante para a literatura e a cultura galega. ("Era un contador de historias preciosas con fermosas palabras da nosa lingua"...)

Escribiu moito en galego, e entre as súas obras destacan "Ilustrísima" e "Vento ferido".

No seu enterro, o gaiteiro vigués Carlos Núñez interpretou a Marcha do Antigo Reino de Galicia. Entre os representantes da política, encontrábase o líder do BNG Xosé Manuel Beiras, quen manifestou: "espero que a súa morte non implique o esquecemento de proxectos nos que traballou". Tamén había poetas e escritores como Manolo Rivas, escultores como Silverio Rivas e pintores como Antón Pulido. Todos emocionados deron o derradeiro adeus a Carlos Casares.

Lucía Barbosa Vázquez, 1º ESO A



INTERCAMBIO COS EE UU

Como vén sendo habitual nos últimos anos, no mes de setembro realizouse un intercambio co colexio **Staples Hinh School-WESTPORT CONNECTICUT.**

Este intercambio escolar está coordinado polo profesor do Seminario de inglés D. **Albino Rubio.**

Relato da viaxe por tres participantes no intercambio

Sáímos de Vigo cara a Portugal ás seis e media da mañá e, en poucas horas, collemos o avión para Nova York. Foi unha longa viaxe e todos estabamos moi nerviosos porque iamos ver as nosas familias americanas.

No aeroporto estaban esperando por nós para levarnos ao colexio, onde nos esperaban os "nosos estudantes".

A primeira noite foi moi ben pero marchamos axiña á cama porque estabamos moi cansos, e o día seguinte, luns, ía ser moi longo cos estudantes no colexio chamado Ridgefield High School (RHS), no que empezamos as clases ás nove e media.

Esa noite tivemos unha cea de benvída, que nos serviu para coñecernos mellor e facer plans para o resto da viaxe, aínda que tivemos que cambialos debido aos atentados. As nosas familias portáronse moi ben connosco e tranquilizáronnos moito cando foi todo esa lea. A partir dese día houbo en todas as casas do pobo unha bandeira a media hasta en solidariedade coas vítimas.

Desde o día dos atentados, como os medios de comunicación esaxeraron moito, as nosas familias españolas comezaron a poñerse nerviosas e pedíronlle ao profesor encargado que volveramos canto antes. Nós non queriamos volver porque aínda nos quedaban unha morea de cousas interesantes que facer e estabamos moi a gusto coas nosas familias americanas. Finalmente, regresamos unha semana antes do previsto. ¡Que mágoa!

En resumo, foi unha experiencia moi interesante para todos nós e recomendámosvos que participedes nela cando se tranquilicen as cousas.

(Isabel Valcárcel Toscano, Enrique Valcárcel, Laura Torrado)

INSTITUTO de E.S. ÁLVARO CUNQUEIRO

Rúa Porriño, s/n 36209 VIGO

Tel. 986298892

ies.alvaro.cunqueiro@xunta.es



**-Educación Secundaria Obrigatoria:
1º, 2º, 3º, 4º de ESO.**


-Bacharelato da Saúde.

-Bacharelato Científico Tecnolóxico.

-Bacharelato das Ciencias Sociais.

-Bacharelato das Humanidades.

DES Álvaro Cunqueiro



Maio 2002 - 1990